

. PROXECTO LINGÜÍSTICO DO CENTRO

1 .- INTRODUCCIÓN

O C.E.I.P. “Plurilingüe Manuel Bermúdez Couso” de Pobra de Trives encóntrase na parte oriental da provincia de Ourense, a lingua predominante entre a poboación desta zona é o galego. Podemos encontrar nesta bisbarra persoas que proceden de Castela pero que pronto se adaptan a lingua galega.

O Claustro de profesores/as do Centro utiliza o galego como lingua de comunicación. Os mestres pertencemos a provincia de Ourense, Lugo e A Coruña. Resumindo: encontrámonos nun Centro onde a comunidade educativa é galegófona.

Dende o momento en que a lingua predominante na casa é o galego as canles de comunicación entre profesores e entre estes e os alumnos e os pais dos alumnos é sempre en galego.

En canto a ambientalidade lingüística do Centro a Lei 3/1983, do 15 de xuño, de normalización lingüística, en desenvolvemento das previsións dos artigos 3.2º e 148.1.17 da Constitución española e mais do artigo 5 do Estatuto de Autonomía de Galicia, establece a obriga dos poderes públicos de garantir o uso normal do galego e do castelán(artigo 2),. así como que o galego, como lingua propia de Galicia, é lingua oficial no ensino en todos os niveis educativos (artigo 12).

Ademais, o Decreto 79/2010 de 20 de maio, regula o uso das linguas no sistema educativo. No seu Artigo 14 di que cada Centro elaborará o seu Proxecto Lingüístico cada catro anos, e que formará parte do seu Proxecto Educativo.

O C.E.I.P. “Plurilingüe Manuel Bermúdez Couso” garantirá o uso normal do galego e potenciará o seu emprego en todos os planos da vida pública, cultural e formativa e disporá os medios necesarios para facilitar o seu coñecemento.

O obxectivo básico da Planificación Sociolingüística do Centro “Plurilingüe Manuel Bemúdez Couso” de Pobra de Trives é o de garantir a todo o alumnado a capacidade de utilización das dúas linguas oficiais (galego e castelán) ao remate da Educación Primaria.

Si ben é certo, casi todos os anos incorpóranse ó centro nenos/as de distintas lugares onde mediante o equipo docente se procura facer un reforzo lingüístico para acadar os obxectivos xerais.

2.- SITUACIÓN SOCIOLINGÜÍSTICA

A lingua predominante falada no contorno do Centro é o galego, xa que máis dun 90% da xente e dos nenos/AS exprésanse habitualmente en galego e ese 10% enténdoo perfectamente e cando queren fálanlo.

En Educación Infantil fíxose a enquisa sobre a lingua materna dos alumnos/as matriculados e saíu elixida maioritariamente o galego.

En Educación Primaria como resultado da aplicación do Decreto 79/2010, no referente á equidade de materias en galego e castelán, o reparto de materias por idiomas queda establecido do seguinte modo:

Impartirase en galego a materia de Ciencias Naturais, Ciencias Sociais, Relixión, Plástica (en 1º, 2º e 3º en Inglés) e Lingua Galega.

De contar algún ano con alumnos ou alumnas que non teñan coñecemento de Lingua Galega ou Castelá, arbitraranse medidas de reforzo para que logren o aproveitamento necesario en todas as áreas que se lle imparten.

3.- OBXECTIVOS

- Traballar cara a consecución dunha boa competencia nas dúas linguas oficiais.

- Promover a lectura, fala, comprensión e escrita na lingua propia da nosa comunidade.
- Asegurar a galeguización de todos os niveis do sistema educativo, tanto no ámbito docente como no das relacións interpersoais entre os distintos membros da comunidade educativa.
- Seguir promovendo a escrita en galego en todas as comunicacións que saian do centro, así como toda a documentación empregada a nivel interno.
- Facilitar a asistencia ao colexio de ilustradores/as, escritores/as, contacontos, grupos teatrais e de música tradicional ou persoeiros relevantes da escea pública, que promovan a lingua e cultura galega.
- Garantir que todo o profesorado teña plena competencia para desenvolver a súa labor docente en galego e os coñecementos necesarios para participar con criterio en tarefas de planificación lingüística escolar.
- Dotar a biblioteca e as aulas de recursos materiais en galego.
- Manter e promover relacións abertas co concello, asociacións veicñais, ANPA e outros Equipos de Dinamización da Lingua Galega.
- Informar e implicar ás familias no proceso dinamizador e normalizador.
- Potenciar as festas tradicionais galegas.
- Promover o coñecemento da controna inmediata a través de proxectos contextualizados.
- Elaborar materiais para poder desenvolver o ensino en galego.
- Potenciar a presenza da lingua galega en Internet.

4 .- ESTRATEXIAS DIDÁCTICAS

Aínda que temos moito camiño andado, seguiremos potenciando e alentando o uso do galego en todos os ámbitos da vida da nosa comunidade educativa. O noso maior esforzo vai encamiñado en atender ós nenos e nenas que se incorporan ó centro procedentes doutros países. Para que estes nenos/as con insuficiente dominio das linguas, poida seguir con aproveitamento as ensinanzas que se lles imparten, adoptaranse as medidas oportunas consensuadas dende o Equipo de Orientación e os seus respectivos titores/as, unha vez oída a Comisión de Coordinación Pedagóxica. A experiencia indícanos que estes nenos están mellor,

integrados nas respectivas aulas que lles corresponden xunto cos seus compañeiros, aínda que teñan un reforzo diario fora da aula.

O titor/as estudiará todos os datos do alumno novo tratando de facerse cargo das posibles dificultades.

Preparará ao grupo falando do novo compañeiro/a, explicando a súa orixe, nacionalidade, cultura e estimularao a acollelo do xeito o mais positivo posible.

Nomearase durante os primeiros días a un compañeiro como alumno-titor que será un neno ben disposto, acolledor e comunicativo para sentalo ao seu lado e axudarlle.

O Centro programará unha serie de actividades que faciliten a integración destes alumnos tales como:

- a. Utilizar na aula algunhas referencias da lingua de orixe destes alumnos, como son os saúdos, as despedidas, expresións e frases feitas, así como os nomes dos obxectos máis usuais da clase e de uso común.
- b. Actividades deportivas que faciliten a relación dos alumnos estranxeiros co resto do alumnado porque non require, nun primeiro momento, coñecemento do idioma e facilita a aprendizaxe do mesmo dunha forma lúdica.
- c. Actividades plásticas e musicais: Xogos, realización de murais, traballos de presentación visual ou musical, sinxelas representacións...

5 .- ACTIVIDADES DE DINAMIZACIÓN SOCIOLINGÜÍSTICA DO CENTRO

No **curso académico 2007/08** as actividades que se levaron a cabo dende o Equipo de Dinamización da Lingua foron as seguintes:

1º. Confección dunha axenda(caderno de bitácora) para os nenos/as de segundo e terceiro ciclo de Primaria, adaptada a realidade social e cultural da comarca de Trives. Tratamos de que tivera o mesmo valor académico cá libreta ou o libro de texto. Sería o lugar onde se apuntaría todo: deberes, notas que os nenos van obtendo, avisos, xustificantes, caderno de campo

nas excursións, regras de ouro para o estudante, horarios, calendario, refráns, cantigas, rutas de senderismo e todo aquilo que enriqueza ó neno e o integre na realidade social e cultural de Pobra de Trives. Seguimos confeccionándoa ata hoxe.

2º. Fixemos unha exposición, no primeiro trimestre, das afeccións, hobbies, pasatempos, entretementos e diversións que a comunidade educativa realiza en tempos de lecer.

Os nenos trouxeron os traballos ó centro e , xunto co seu titor/a, puxeronlle unha etiqueta que identifique o nome da afección, a persoa que a realizou e o nome do neno que a trouxo.

3º. Sacamos un novo exemplar da revista escolar “O Pílon”. Divulgación dos traballos escolares máis salientables entre os alumnos/as e a toda a comunidade educativa.

4º. Unidades Didácticas.

- O Magosto.

- Día da Paz.

- O Entroido.

- Saída ó entorno en outono na procura de castañas, cogumelos e follas.

- Viaxe cultural a Vigo. Visitando “Semana del Atlántico” e “Vigo, Vapor e Gasolina”. A viaxe fíxose en tren disfrutando da paisaxe da ribeira do Miño, chegando o tren ata a mesma estación marítima de Vigo, utilizando os antigos carrís do tranvía.

5º. Xogos populares no centro escolar.

6º. Festivais e conmemoracións:

- O Nadal.

- Día dos Dereitos Humanos.

- O Entroido.

- Letras Galegas.

7º. Elaboramos material didáctico para que axude ós nenos a desenvolver as súas capacidades cognitivas adaptado ás necesidades do noso Centro e que non se atopan no mercado.

Este ano confeccionamos materiais para medio físico-social.

- Quebracabezas

- Dominós.

- Series.
- Formas.
- Barallas.
- Emparellamentos.

A maior parte dos xogos e das fichas elabóranse con material de refugallo. Os traballos que se fan sobre papel ou cartolina son plastificados e os demais confecciónanse con plásticos duros como por exemplo envases de garrafas de auga, botellas e recipientes de plástico. As fichas resólvense cos tapóns das botellas e das garrafas que utilizamos para facer os dominós.

8º. Actualización constante da páxina web elaborada no curso 2005/06 con datos e prazos que permitan e faciliten o acceso á información sobre o Centro.

9º. Dende o ano 2004/05 confeccionouse un tríptico do colexio e da comunidade educativa. Este ano édítase de novo dito tríptico para enviar a cada familia con datas e datos xerais de interese do Centro.

10º. Colaboración con outras institucións, neste caso co Patronato Terras de Trives co obxectivo de potenciar o uso da Lingua Galega fóra do Centro. Os nenos participan nun concurso con motivo do 25 de novembro “Día internacional para a eliminación da violencia contra a muller”.Concurso de redacción e concurso de debuxo.

Tamén se realizou unha homenaxe no día das letras galegas a Xosé María Álvarez Blázquez.

Ó longo do **curso 2008/2009** os alumnos do C. E. I. P. “Manuel Bermúdez Couso” de Pobra de Trives guiados polo Equipo de Dinamización da Lingua do Centro conseguimos darlle continuidade a recordos, imaxes, lembranzas e vivencias de persoas que viviron en pobos da comarca e que hoxe encóntranse abandonados.

Os nenos acompañaron a Rosa, Helda, Blandina, Maximino e Antonina aos seus pobos de orixe e alí fixéronlles preguntas rescatando vivencias que se atopaban nas camadas máis fondas da súa personalidade.

Os pobos que investigaron foron Anagaza, Valdonedo, Os Lameiros, e Pontenovo. Non se trata de conservar senón máis ben de darlle continuidade ás raiolas que alumean a memoria das persoas que os nenos entrevistaron.

Unha vez rematado o traballo celebrámolo facendo unha festa toda a comunidade educativa nos “Sequeiros”, un pobo que hoxe está abandonado pero parcialmente restaurado e no que antigamente secábanse as castañas. Dita festa levouse a cabo o venres día 12 de xuño de 2009 onde os nenos expuxeron os seus traballos mentras disfrutaban de distintos obradoiros e unha comida campestre. Para facer esta actividade precisouse a colaboración dos pais, veciños, persoal non docente, persoal de cociña, conserxe e persoal docente. Todos nos involucramos e cal foi a nosa sorpresa ó ver a avós e a pais traendo ó Centro documentos, fotos e obxectos que enriquecían a actividade que os nenos estaban a desenvolver. Houbo avós que ata gravaron unha curtametraxe.

Tamén participamos no concurso de curtametraxes que o Concello de Ourense convoca anualmente.

Fixemos dúas curtametraxes relacionadas co estudio dos pobos abandonados. A primeira titúlase “Os panadeiros de Cotarós” e nela amósase a labor de cocer o pan. Fixérona os avós duns alumnos/as do Centro coa axuda doutros veciños.

A segunda curtametraxe titúlase “A nena e a penela” e trata sobre os recordos que unha muller adulta garda de cando era nena e vivía cos seus avós nun pobo que por moitas razóns hoxe encóntrase abandonado. Ela nos seus múltiples recordos trata en vano de dotar de vida o seu pobo tan querido e que hoxe ve como as hedras entran por portas e ventás impedíndolle dita labor. Fixérona os mestres de centro coa axuda do persoal do Concello de Trives que en todo momento se brindaron a colaborar con nós.

Tamén se homexaneou no día das letras galegas a Ramón Piñeiro López.

Durante o **curso 2009/2010** continuouse co proxecto dos pobos abandonados afondando en contidos interese cultural. Ademais iniciase o proxecto dos pazos da comarca. Dende o Equipo de Dinamización da Lingua do Centro implicamos a toda a comunidade educativa para que fora un traballo conxunto dos nenos/as, pais/nais, mestres/as e persoal non docente. O noso obxectivo

foi implicar tamén os propietarios dos pazos obxecto de estudio, Concello, Inorde e Deputación.

Actividades que fixemos:

Os nenos/as traballaron no centro o tema dos pazos da comarca fixándose na súa orixe, características propias e historia.

Antes de comezar cada ciclo fixo unha excursión a un pazo obxecto de estudio para mergullarse na súa historia e nas súas orixes. Sería o punto de partida, despois cada ciclo dedicouse a confeccionar o seguinte material:

EDUCACIÓN INFANTIL.

Un mural manifestando o vivido cando fixeron a excursión.

1º CICLO DE PRIMARIA.

Un conto de monicreques. Os nenos elaboraron os monicreques, a historia que representaron e deseñaron os decorados para ambientar a representación.

2º CICLO DE PRIMARIA.

Dramatizaron unha obra de teatro ambientada no tempo nun pazo da comarca. Os nenos crearon a historia, foron caracterizados e coidaron os detalles da representación.

3º CICLO DE PRIMARIA.

Tebeo dun pazo. Mediante a pintura e o debuxo construíron un tebeo recreando a historia dun pazo.

Estes traballos finalizáronse o 30 de abril de 2010 e presentáronse a toda a comunidade educativa nunha convivencia que se fixo no pazo da Ponderosa o 10 de xuño de 2010.

Fixéronse gravacións dos contos de títeres e da dramatización e distribuíranse copias entre todos os organismos que colaboraron para a súa posterior divulgación. Tamén publicouse o tebeo feito polos nenos/as do terceiro ciclo e repartíranse nos pazos, oficina de turismo, Concello e Inorde para dar a coñecer a historia destas construcións por medio da visión dos nenos do colexio de Trives. Ese mesmo día botamos a sortes unha estancia nun pazo para dúas persoas durante un fin de semana entre todos os pais que participaron.

Realizouse xunto con isto o festexo das Letras Galegas adicado a Uxío Novoneyra.

No **curso escolar 2010/2011** rematouse o proxecto dos pazos e participamos nun proxecto de Voz Natura programado pola ANPA “O RECREO” que se basa na rexeneración e conservación do Cabalar, río que pasa pola vila , e en analizar as augas dos mananciais máis importantes da comarca; inculcándolle ós nenos a importancia que ten a auga na vida.

En relación con esta actividade programada pola ANPA, realizamos un estudio da flora e da fauna do Cabalar. Unha actividade paralela desenvolvida desde o E. D. L. foi a de recoñecer e etiquetar as especies autóctonas por medio de cantos rodados, onde se puxo o nome en castelán e en galego. Estes cantos rodados colocáronse o pé de cada árbore ou planta para que sexa recoñecida por todos. Tamén traballamos na confección dun pequeno dicionario plurilingüe de galego do ecosistema do río Cabalar.

Outras dúas actividades realizadas para este curso foron as de estudar a toponimia máis representativa da Pobra de Trives e facer un estudio exhaustivo dos lagares da nosa comarca analizando a orixe, características propias e historia destas construcións tan peculiares. Tamén se celebrou o día en homenaxe a Lois Pereiro.

No **curso 2011/12** iniciouse o proxecto os lagares. Dado que este proxecto se sitúa nunha zona da Ribeira Sacra, rica en viticultura pensouse nun traballo que recollera toda a información relativa ás labores vitivinícolas, pondo atención sobre a figura do viticultor/a, bodegueiro/a e alambiqueiro/a. Tratábase por tanto de investigar como era a vida nos lagares e para que se utilizaban.

Partindo dunha entrevista para os familiares recompilouse información acerca dos oficios correspondentes, que ao igual que na dos curros perseguía ter unha aproximación aos coñecementos que posuían as familias en torno ao tema obxecto de estudo.

De forma consecutiva, e por equipos, o alumnado desprazouse a diferentes lagares, onde mediante entrevistas recolleron información aportada por varios

donos de viñedos e lagares que traballan como viticultores/as e un alambiqueiro/a e bodequeiro/a. Isto permitiu o acceso ao coñecemento do ano en que se construíron eses lagares, a utilidade naqueles tempos e na actualidade, e ao motivo polo cal pasaban épocas neses lugares.

Destas entrevistas, aprenderon que a construción máis tradicional dos lagares, consistía nun habitáculo de planta baixa de pedra que se utilizaba para gardar o viño ata o seu traslado á vivenda. Antigamente estes lagares estaban revestidos de madeira de castaño para as vigas, contando cunha superficie de palla no tellado, pero que nos tempos que corren se utiliza principalmente a tella.

Tamén coñeceron que actualmente algúns destes lagares están restaurados e que son poucos os que o seguen a utilizar como refuxio nas épocas dos traballos das viñas, tendo un tempo estipulado aproximado de un ou dous meses na época das vendimas, e de entre 15 ou 20 días cando hai que realizar traballos de cavar ou podar nas mesmas.

Dos diferentes lagares, tiveron a oportunidade de entrar no interior dun organizado como antano, observando que dispuñan dunha especie de alpendre no que durmían, xeralmente sobre palla e na parte inferior, construíanse cubas de madeira nas que se cocía o viño, facía o lume e se alimentaban. Tamén había outra pequena zona no lagar, destinada a gardar ferramentas que se empregaban para traballar nas viñas (aixadas, tesoiras de poda, máquinas para dar o sulfato, cestos,...). Incluso nalgúns deles, existía un lugar para gardar as cabalerías, que era o medio de transporte por aquel entonces.

De forma consecutiva algunhas familias e persoal non docente da comunidade educativa, tamén participaron voluntariamente na construción de maquetas dos diferentes lagares da zona.

Dependendo do traballo que se pretenda desenvolver, observaron diferentes ferramentas ou utensilios, onde para: a poda, utilizan as tesoiras; a cava utilizan a aixada, a renda o sacho; a salgadeira e o fuelle para dar o zufre; o cántaro para dar o sultafo; a navalla para cortar os racimos de uvas na vendima; os cestos de bimbios para apañar as uvas ata o lagar; as botas de coiro para facer a mostada; a alquitara, alambique ou pota para facer o aguardente e noutros tempos o bandullo de cabra, que era utilizado para transportar á vivenda o viño xa elaborado. Como resultado final, o produto que

entraba no lagar eran as uvas obténdose das mesmas viño, augardente e ou bullo, que servía este último para abonar as viñas.

Coa información recollida, e para darlle forma ao proxecto, realizáronse diferentes obradoiros nunha zona vinícola, onde as familias representaban escenas de traballos que se facían antigamente. Un dos obradoiros consistiu na explicación do coidado da viña e nos produtos para a súa conservación.

Outro dos obradoiros, centrouse na elaboración do mosto. Deste xeito os nenos e nenas descubriron como se elabora e puideron degustalo a través dun xogo de ruleta no cal podían probar diferentes tipos de mostos.

Outro dos obradoiros foi o de alambiqueiro/a, onde se lles explicaba como era o proceso para a obtención de augardente, unha vez que se extraía o viño mediante a observación do proceso.

Paralelo a isto realizouse o matutino concurso de sms en galego, a edición da revista Pingueira e a caixa de normalización viaxieira en colaboración CEIP de Cervo.

No día das letras galegas fíxose un exposición sobre Valentín Paz Andrade.

No **curso 2012-13 e 2013-14** levouse a cabo o proxecto o curros. Tendo en consideración a tendencia a desaparecer do oficio do pastoreo na serra realizouse unha investigación por cursos sobre a figura do pastor/a e o seu traballo a desenvolver. Para tal fin, partiuse da información recibida das entrevistas aportadas polas familias, grazas á cal o profesorado tivo coñecemento de diferentes curros da zona e detectou que as familias posuían historias de vida de interese para aportar aos seus descendentes.

Como resultado da lectura das entrevistas dirixidas ás familias e da consulta informativa da zona, tívose aceso a tres pastores voluntarios para ser partícipes esta vez, das entrevistas realizadas polo alumnado. Estes pastores trasladáronse ao centro para dar información aos nenos e nenas respecto do seu traballo, centrándose na vida de custeiro/a, nos curros e a forma de pastorear. Ademais, o alumnado foi desprazado á serra para observar o seu lugar de traballo.

Nestas entrevistas, o alumnado tivo a oportunidade de coñecer que os pastores/as soen desprazarse a lugares localizados no alto da serra nas estacións estivais co seu gando para poder pastar. E que no pasado existía a

figura do custeiro/a, sendo este un/ha axudante que ía aprendendo pouco a pouco o oficio do pastor/a e que na actualidade son poucas as persoas que amosan interese por este oficio.

Tamén descubriron que a construción dun curro consiste nunha pequena casa de pedra que serve como refuxio para os meses nos cales o pastor/a sube á serra. No seu interior consta do básico para a vivenda pero tamén con diferentes compartimentos para contar as reses e gardar o gando.

Como curiosidade, observaron que os cans pastores, antigamente tiñan uns recipientes en rochas para dispor da súa alimentación diaria durante o traballo como acompañantes dos pastores/as.

Así mesmo e de forma paralela as familias e persoal da comunidade educativa, participaban de forma voluntaria nunha actividade programada dende o centro sobre a construción de maquetas dos diferentes curros da zona.

Unha vez recibida toda a información, o alumnado desprazouse a uns curros próximos á zona e realizaron unha serie de obradoiros que tiñan relación directa coa figura do pastor/a e polos cales ían rotando en pequenos grupos.

Cada un destes obradoiros, foi programado e levado a cabo por parte principalmente do profesorado, familia e algúns veciños e veciñas que colaboraron de forma desinteresada, sendo os seguintes: rapa da ovella, fiar na rocha, muxido da cabra, elaboración de queixo e diferentes contacontos sobre animais imaxinarios na serra.

Recollida toda a información e finalizado o proxecto, decidiuse reflectir todo na produción e gravación dunha película educativa na que se relatase a vida dun dos pastores que participou nas entrevistas, e que actualmente segue na serra a conservar a tradición.

Xunto con todo isto, realizouse o habitual concurso de sms, a edición da Pingueira e a celebración de Roberto Vidal Bolaño (curso 2012-13) Xosé María Díaz Castro (curso 2013-14) participando no concurso de carteis sobre a súa vida e obras.

Tamén se participou no Congreso Manuel Luis Acuña.

No **curso 2014-15** iniciouse o proxecto dos muíños. Nel tivo lugar a elaboración dun conto por curso sobre a historia do muíño. De forma conxunta

visitáronse muíños da zona e fíxose unha maqueta do funcionamento do muíño.

Unha comprendido o funcionamento dos muíños pasouse a realizar un seguimento dende a plantación do cereal ata a súa recollida, seca e debullado. Finamente levouse a un muíño para moer e unha vez obtida a fariña fíxose no pobo de cotaróns pan no forno de leña do pobo coa axuda das familias.

Continuouse co concurso de sms, A pingueira e a celebración do día das letras galegas adicado a Xosé Manuel Filgueira Valverde.

Tamén dende o Departamento de Orientación creouse unha ludoteca educativa para a cal se axudou dende Dinamización.

No **curso 2015-16**, iniciase o proxecto da memoria dos nosos avós e as avoas. Ideáronse entrevistas con preguntas referidas ás vivencias dos maiores de antaño e dirixíronse a todas as familias.

Tamén se creou a nova biblioteca escolar dotando a de materiais en galego e unha nova organización e distribución de dito material.

Xunto con isto realizouse unha homenaxe no festival de Nadal á recente desaparición de Neira Vilas coa representación por parte do alumnado dun capítulo do libro Memorias dun neno labrego.

Moitas destas actividades-tipo serviron para enlazar coa área de Lingua castelá.

Realizáronse tamén actividades en torno á figura de Manuel María.

No **curso actual, 2016-17**, continuamos co proxecto dos avós e avoas. En concreto estase a convidar ós avós e avoas á biblioteca escolar do centro para que nos conten as súas vivencias de antaño e aproveitando isto trabállase tamén o papel da familia.

De feito téntase unha visión global das familias do mundo, relacionándose isto con cada celebración (Samaín no mundo, Nadal no mundo, Entroido no mundo,...).

Tamén se intentará realizar un documental biográfico-narrativo dalgunhas vivencias de diversos avós e avoas do alumnado.

Continuase coa Pingueira e a celebrar o día das letras galegas.

No **curso 2017-2018**, elaboramos o documental “Raiolas de luz” onde plasmamos todo o recollido en cursos anteriores sobre a vida dos nosos avós e avoas.

No **curso 2018-2019**, iniciamos un novo proxecto sobre a vida dos nosos antepasados na contorna de Trives (costumes, tradicións, historia, familias...).

No **curso 2019-2020**, plasmamos toda a información recollida no documental “Unha viaxe no tempo”.

Unha viaxe no tempo é un proxecto Educativo do Ceip Plurílingüe Manuel Bermúdez Couso interdisciplinar que busca recuperar a nosa cultura, poñer en valor a nosa lingua, buscar as nosas raíces. Para isto contamos coa memoria e a maxia dos nosos avós que nos relataron a vida de antano, a súa infancia e adolescencia. E nós como homenaxe a esa xente que traballou e que construíu un mundo para que sexamos felices, trasladámonos con 2 familias compostas por 3 adultos e 10 alumnos/as do centro a aldea de Bretelo.

O longo de 5 días os nenos metéronse na pel dos seus avós e viviron a vida deles o redor dos anos 50..

Muxían a vaca e a cabra para ter leite para o almorzo antes de ir a escola, cortaban leña para poder quentarse pois non había outra calefacción, lavaban coas nais no lavadoiro do pobo con auga fría da montaña, facían pan no forno de leña, labraban a horta, facían as caldeiras para o rego das fincas, os chourizos na matanza, ían a escola onde daban matemáticas, caligrafía, labores, relixión, xeografía, xogaban con xoguetes feitos por eles mesmos, collían auga da fonte para beber, comían a base de caldo castañas, sopas de allo, ovos... a avoa Blandina contáballes contos pola noite despois da cea, fiaban, cantaban e foron felices sen a maioría das cousas que teñen hoxe en día.

Recuperaron xogos tradicionais da época, puxeron en valor a nosa lingua, participaron cos seus avós traballaron valores como amizade, a solidariedade, a vida en familia, a comunicación, valoraron cousas que hoxe en día teñen e que non as aprecian e déronse conta que moitas outras cousas sobran. Aprenderon que as novas tecnoloxías e as redes sociais mal xestionadas son un mal para a Sociedade.

Foron 5 días de convivencia na que cada un deles disfrutou ao máximo da experiencia, participando en todas as actividades sen estrés e sendo felices como o foron os seus avós que a pesar dos traballos e incomodidades sempre sacan un sorriso.

Unha experiencia única que quedará na nosa memoria gracias aos avós, aos pais e nais voluntarios, a Preciosa dona da Casa, A Suseia, os mestres e mestras voluntarios e a toda a xente que nos apoia neste proxecto.

No **curso 2020-2021**, estreamos o documental a través da TVG. Debido aos protocolos vinculados á pandemia, non se puideron facer outro tipo de actividades.

No **curso 2021-2022**, iniciamos un novo proxecto sobre o camiño de Santiago (a figura do peregrino, os diferentes camiños, lugares emblemáticos...).

6.AVALIACIÓN E SEGUIMIENTO

Durante este curso académico 2021-2022 actualizamos o proxecto.